

Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servicio Galego de Saúde¹.

Título I

Natureza e funcións

Artigo 1

Pola presente Lei créase o Servicio Galego de Saúde, que terá como finalidade a xestión dos servicios sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación integral de tódolos recursos sanitarios e asistenciais existentes no seu territorio, no ámbito da súa competencia.

O Servicio Galego de Saúde constitúese como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica propia, adscrito á Consellería de Sanidade, que exercerá a dirección e o control do mesmo.

Artigo 2

A organización e o funcionamento do Servicio Galego de Saúde responderá ós principios de integración, desconcentración, simplificación, racionalización, economía, eficacia e participación democrática da comunidade.²

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 1989

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

¹ Publicada no DOG núm. 7, do 11 de xaneiro de 1989. Norma derrogada pola disposición derogatoria da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia (DOG núm. 246, do 19 de decembro de 2003), "agás os seus artigos 1 e 2, que se manterán vixentes". A Lei 7/2003, do 9 de decembro, regula o Servicio Galego de Saúde nos seu Título IV, artigos 32 ao 75.

² Téñase en conta tamén o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.